

1. INTRODUCCIÓN

1.1. Marco legal

Esta programación baséase sobre a seguinte lexislación vixente:

- Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, modificada pola Lei orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.
- Real Decreto 1041/2017, do 22 de decembro, polo que se fixan as esixencias mínimas do nivel básico para os efectos de certificación, se establece o currículo básico dos niveis intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 das ensinanzas de idiomas de réxime especial reguladas pola Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, e se establecen as equivalencias entre as ensinanzas de idiomas de réxime especial reguladas en diversos plans de estudos e as deste real decreto.
- Decreto 81/2018, do 19 de xullo, polo que se establece o currículo dos niveis básico A1, básico A2, intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 das ensinanzas de idiomas de réxime especial na Comunidade Autónoma de Galicia.
- O Real decreto 1/2019, do 11 de xaneiro, polo que se establecen os principios básicos comúns de avaliación aplicables ás probas de certificación oficial dos niveis intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1, e avanzado C2 das ensinanzas de idiomas de réxime especial.
- Resolución do 16 de maio de 2023, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para a preinscrición, admisión, matrícula e organización académica nas escolas oficiais de idiomas de Galicia no curso 2023/24.

1.2. Contexto educativo

1.2.1. Características do centro e do alumnado

A Escola Oficial de Idiomas de Ourense é un centro público dependente da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria dedicado á ensinanza de idiomas para adultos.

A súa sede central atópase na capital, a 3ª cidade galega con case 106.000 habitantes (un terzo da poboación da provincia, na que viven preto de 315.000 persoas) e está situada na área urbana da cidade, nunha zona que agrupa unha grande cantidade de instalacións educativas, entre elas o campus universitario, preto do centro da cidade.

Para satisfacer as necesidades de todo o territorio, conta tamén con 6 seccións delegadas asentadas en centros de Educación Secundaria de diferentes poboacións: A Ponte-Ourense (IES Blanco Amor), Celanova (IES Celso Emilio Ferreiro), O Barco de Valdeorras (IES Lauro



Olmo), O Carballiño (IES Chamoso Lamas), Ribadavia (IES Abrente) e Verín (IES García Barbón).

O centro ten un amplo horario de apertura, de 08.00 a 22.00, ao longo do cal se imparten ensinanzas de Alemán, Chinés, Español como lingua estranxeira, Francés, Galego, Inglés, Italiano e Portugués, nas modalidades de oficial e semipresencial (para Inglés, a través do programa a distancia [That's English](#)) dos niveis básico, intermedio, avanzado.

Así mesmo, a nosa Escola colabora con outras entidades como o CFR, impartindo cursos para o profesorado, e coa Dirección Xeral de Política Lingüística, con cursos de Linguaxe Administrativa Galega e de preparación ás probas oficiais Celga.

Tamén se ofrece a posibilidade de examinarse pola modalidade libre e de realizar probas de reasignación de nivel que lle permiten ao alumnado acceder a un nivel distinto daquel no que se matriculara no inicio do curso.

A nosa ensinanza está destinada a maiores de 14 anos e, dado que non é obrigatoria, a maioría do alumnado asiste por vontade propia.

O máis destacable do noso alumnado é a súa heteroxeneidade no tocante á ocupación, á formación e á motivación. Tamén no que concirne á idade: a maioría do alumnado está na franxa comprendida entre os 18 e os 50 anos.

Por sexos, predominan as mulleres *sobre* os homes

Na EOI de Ourense, aténdese tamén a unha pequena porcentaxe de alumnado con discapacidade.

Tamén contamos con alumnado estranxeiro.

Esta diversidade contribúe a un importante enriquecemento cultural e en valores de carácter persoal e social.

Dado que a maioría do noso alumnado compaxina os estudos de idiomas con outras obrigas de carácter laboral, familiar ou de formación, este asiste ó centro só durante as sesións de clase e, en menor medida, para participar en diversas actividades extraescolares.

1.2.2. Características do departamento

O Departamento de francés está composto por sete docentes, seis na sede central e un na sección do Barco de Valdeorras, das que catro teñen destino definitivo o que garante certa estabilidade dentro do Departamento. Neste curso, como xa vén sendo habitual, contaremos a maiores, cunha auxiliar de conversa francesa. Coa súa presenza esperamos poder achegar de maneira máis próxima a realidade social e lingüística dos países de fala francesa ó noso alumnado.